

10 ANOS DE EDUCADORES POLA PAZ, 10 ANOS DE EDUCACION PARA A PAZ EN GALICIA

Co motivo da celebración do décimo aniversario da constitución do grupo EDUCADORES/AS POLA PAZ do Movemento de Renovación Pedagóxica NOVA ESCOLA GALEGA, queremos adicar este monográfico do NOVAPAZ

a lembrar este período da nosa historia educativa. Con elo queremos contribuir ó coñecimento do nacemento e máis evolución da Educación para a Paz en Galicia, así como para implementar os necesarios procesos de reflexión sobre a nosa práctica educativa.

Como en todo proceso humano, neste período non faltaron as luces e as sombras. Polo que respecta ás primeiras, non cabe dúbida que teríamos que resaltar moi especialmente a constitución deste animoso **movemento galego de educadores pola paz**, ademais da nosa contribución ó nacemento e fortalecemento do movemento de educadores pola paz no conxunto do Estado. A educación para a paz é hoxe en Galicia unha feliz realidade, gracias o traballo iniciado por EDUCADORES POLA PAZ ó que se sumaron outras moitas persoas, grupos, asociacións, sindicatos, institucións, etc. Neste sentido acadouse o obxectivo tantas veces formulado nos primeiros anos de rachar cos dous aneis que envolvían a educación para a paz en Galicia e que impedían o seu desenvolvemento, a saber, o anel xeográfico reducido a Vigo, e máis tarde a Ourense, e o anel organizativo, vencellado únicamente ó noso grupo.

De todas formas, con ser o balance claramente positivo, convén non botar as campás o ar e recoñecer que todavía somos un movemento minoritario e que compre fortalecelo organizativamente. Para isto pensamos que, en primeiro lugar, debemos pasar a unha segunda fase na que máis que os aspectos cuantitativos deberíamos priorizar os cualitativos, comezando por esixirnos un maior calado teórico que nos permita afrontar con maiores garantías os retos do futuro: paz, desarme e desmilitarización; ecoloxía e desenvolvemento económico non violento co medio ambiente; dereitos humanos e profundización da vida democrática; etc. Neste senso, tanto no plano educativo como no social, o establecemento dunha maior confluencia entre as distintas dimensións educativas ou temas transversais recoñecidos pola LOXSE (educación para a paz, educación ambiental, educación non sexista, etc.), entendidos non de xeito sumatorio senón plenamente integrados entre si, e os seus equivalentes no plano social (pacifismo, ecoloxismo, feminismo, etc.) non só é unha necesidade racionalizadora senón una esixencia moral para avanzar na construción dunha sociedade, e con ela do sistema educativo, menos violenta, máis xusta, máis democrática e máis respetuosa co medio ambiente.

En segundo lugar, temos que afrontar un dobre reto. Por unha banda crear máis e mellores materiais didácticos que, a pesar do que se ten feito, son todavía claramente insuficientes; por outra banda, acentuar a estratexia reivindicativa para que especialmente a administración educativa autonómica facilite a súa creación e a súa divulgación ós centros educativos.

En terceiro lugar, a experiencia destes dez anos, ensinounos que as accións e campañas de educación non formal e as propias accións sociais tiveron un efecto concientizador moi importante. Neste senso a coordinación dos dous ámbitos de actuación, formal e non formal, e a orientación da educación para a paz para que cristalice nun determinado tipo de acción social constituen outros dous retos e prioridades para o futuro. Un futuro que a tenor dos indicadores sociais, inequívocamente violentos, vai precisar dun cambio profundo dos actuais valores e estruturas sociais. Para este cometido a educación para a paz non é a panacea anque pode aportar o seu grao de area.

No que atinxe ás sombras, destacaríamos a resistencia e a indiferencia institucional cara a educación para a Paz adoptada pola administración educativa autonómica. Ésta limitouse practicamente a oficializar o Día Escolar pola Paz no calendario escolar como festa lectiva a celebrar nos centros educativos non universitarios. Con ser importante non deixa de ser unha contribución moi cativa, e iso a pesares de ter presentado varias iniciativas tales como a necesidade dun plan específico de formación do profesorado, a dotación de axudas para creación de materiais, a creación dun Centro Galego de Investigación para a Paz, etc. Con respecto a administración municipal, se ben foi a primeira en colaborar con nós (concretamente os concellos de Vigo, Santiago e Oleiros; máis tarde os de A Coruña, As Pontes, Ourense, Narón, Fene, Lugo, Allariz,...), e desde

logo a máis fructífera, non deixa de ser en xeral e salvo excepcións unha colaboración moi puntual, e desde logo non xeneralizada que compre dinamizar. Por último, e polo que respecta á Universidade, a investigación en xeral e a Educación para a Paz en particular, a diferenza doutras universidades españolas e desde logo europeas e norteamericanas aínda non atoparon o seu espacio dun xeito institucional. Agardamos unha maior sensibilidade nesta institución e desexamos que as diversas iniciativas particulares de diversos profesores poidan cristalizar nun futuro inmediato en proxectos serios de investigación e docencia.

Por outro lado, toda valoración vai estar en función do parámetro de medición co que o comparemos. Así, se temos en conta que se partiu de céro, non cabe dúbida que o camiño andado non deixa de ser notable, mesmo emocionante. Se en cambio a comparación é coa realidade do conxunto dos centros de ensino, non cabe dúbida que o anterior esforzo pode parecer ata insignificante. En calquer caso, non podemos esquecer o contexto no que se produciron as nosas iniciativas particulares, cargadas de moitísimo voluntarismo e sen practicamente ningún tipo de axudas. Por elo, máis que en nós consideramos que é a administración educativa, coas súas responsabilidades na formación continuada do profesorado e na potenciación da creación e difusión de materiais curriculares alternativos, e os propios centros de formación inicial do profesorado ós que corresponde respostar ante esta responsabilidade.

O monográfico está dividido en tres apartados. No primeiro punto, facemos unha pequena autopresentación para dar a coñecer o grupo a aquelas persoas que non saben de nós. En segundo lugar, expoñemos o traballo realizado nestes dez anos, e, en terceiro lugar, facemos referencia ás publicacións do grupo así como dos seus membros.

QUEN SOMOS

No ano 1983, na cidade de Vigo, constituíase o grupo EDUCADORAS/ES POLA PAZ dentro do igualmente recién creado MRP Nova Escola Galega. *Nacía así a primeira plataforma específica da historia da educación en Galicia que intenta conxugar o binomio paz-educación, referido tanto ó campo da investigación como ó da acción social e educativa.*

Desde o primeiro momento facíase fincapé en chamar a atención da opinión pública e moi especialmente do profesorado e centros de ensino para que incorporasen nos seus proxectos educativos iniciativas concretas de sensibilización nos valores da paz fronte a cultura dominante da violencia. Entre as manifestacións desta cultura sinalabase o militarismo, o perigo nuclear, a vulneración dos dereitos humanos, as desigualdades sociais dentro e entre estados, a degradación ecolóxica, etc. Problemas, todos eles, plenamente vixentes na actualidade se ben algúns deles, como

o problema da xenofobia e o racismo ou o problema Norte-Sur, adquiren tintes todavía máis preocupantes. Por outra banda, as propias violencias xeneradas polo sistema educativo constituen un elemento de reflexión e concientización insoslaible.

Os fins do grupo son:

✓ Sensibilizar sobre a necesidade de incorporar nos proxectos educativos de totalas áreas e niveis os valores da paz.

✓ Impulsar os tres planos de achegamento á paz: a investigación, a acción e a educación para a paz.

✓ Crear e facilitar ós docentes materiais didácticos relacionados coa ampla cosmovisión da paz.

✓ Como grupo integrado en NEG, comparte e asume os obxectivos básicos daquela como son a democratización escolar, a renovación pedagóxica e a galeguización do ensino.

O TRABALLO DE 10 ANOS

Dado que se partiu de céro, durante os primeiros anos oitenta fíxose un traballo ímprobo de iniciación e divulgación a través de múltiples cursos, conferencias,

reunións, etc. para divulgar esta dimensión educativa rotulada co nome xenérico de Educación para a Paz. Fruto do traballo de grupos coma o noso, esta dimensión educativa

tería posteriormente o seu recoñecemento xurídico-legal coa promulgación da LODE (Art. 1. g) e moi especialmente coa LOXSE, en tanto que non só se recolle no seu articulado (Art. 2. g), senón que tamén se incorporan de forma explícita como "tema transversal" ó currículo de tódalas áreas educativas e de tódolos niveis do ensino obrigatorio. Boa proba do que estamos a decir o constitúe o feito de que o desenvolvemento deste "tema transversal", tal como se denomina na LOXSE, foi encargado polo Ministerio de Educación e Ciencia (MEC) a Xesús R. Jares, Coordinador desde a súa fundación de EDUCADORES POLA PAZ (traballo recollido nas denominadas "Caixas vermellas" de Educación Primaria e Secundaria).

Se facemos un breve repaso do traballo desenvolvido por este grupo, convén recoñecer o amplo espectro de actividades realizadas. Sinteticamente agrupámolas nos seguintes epígrafes:

1 A organización das primeiras xornadas que se fan en Galicia sobre a Educación para a Paz. Concretamente as Primeiras teñen lugar en xaneiro do 84 en Vigo, tendo a súa continuación nesta cidade en dúas edicións máis. A partir das segundas tamén son organizadas pola sección de Educadores pola Paz de Ourense, seguindo nesta cidade organizadas ata o día de hoxe.



2 A introducción en Galicia da celebración do Día Escolar pola Paz (30 de xaneiro). En xaneiro do 83, o Claustro de profesores do C.P. García Barbón de Vigo aproba unha chea de actividades, a proposta do coordinador de Educadores pola Paz, para conmemorar o 30 de xaneiro. No ano seguinte, concretamente o 11 de xaneiro de 1984, os medios de comunicación de Vigo recollen a primeira convocatoria pública ós colexios e institutos de Vigo e a súa

bisbarra para preparar a celebración do Día Escolar pola Paz. Posteriormente, foi recoñecido oficialmente pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia durante o goberno tripartito.

3 A redacción e promoción mediante recollida de firmas (920 en total) do **primeiro Manifesto dos Ensinantes Galegos pola Paz e o Desarme.** O Manifesto, xunto coas firmas, foi presentado ás autoridades educativas da Xunta de Galicia e ós medios de comunicación en marzo do 84. Esta iniciativa tivo tamén a súa traslación a outras comunidades do Estado, como en Andalucía onde se fixo a súa tradución literal.

Na actualidade, as grandes potencias teñen acumulado un caudal armamentístico, especialmente nuclear, suficiente para poñer fin á vida sobre o planeta. Sin embargo, os presupostos adicados a rearme e investigación militar continúan incrementándose a un ritmo vertixinoso —paradójicamente inmersos na chamada «2.ª década do desarme»— desatendendo as recomendacións de distintos organismos internacionais e incumplindo os compromisos contraídos.

Ademais de constituir unha ameaza contra a supervivencia, a carreira armamentística contradícese coas fortes carencias e desigualdade económicas e socio-culturais que se están a dar no interior dos Estados, e nas relacións entre eles, usurpando a posibilidade dun pleno desenrolo educativo, cultural, sanitario, etc.

Diante desta situación, convencidos de que só mediante unha presión pública internacional chegará a adoptar medidas de desarme: conscentes da nosa responsabilidade como formadores dos nosos alumnos/as, e do papel que poden xogar as institucións educativas, xunto con outro tipo de organizacións e instancias sociais, propoñemos a adopción das seguintes medidas no campo educativo:

- Incorporación desta problemática nos currículos de todos os niveis, non coma unha asignatura máis, senón coma unha das dimensións que debe inspirar o proceso educativo.
- Revisión dos textos escolares, especialmente no ámbito das Ciencias Sociais, que supoñan unha apoloxía da violencia.
- Celebración do «DÍA ESCOLAR POLA PAZ MUNDIAL E O DESARME» (30 de Xaneiro) coma unha xornada de concienciación e divulgación dos obxectivos da «Educación para a Paz».
- Eliminación de actitudes e actividades que fomenten a aceptación e o culto da violencia (utilización de xoguetes bélicos, prácticas escolares que impliquen a coacción física e psíquica, familiarización co armamento real,...).

Do «Manifesto dos ensinantes galegos pola paz e o desarme»

4 A elaboración das primeiras publicacións que se fan en galego sobre a educación para a paz. Inicialmente a través da prensa galega. A primeira foi o artigo de Xesús R. Jares no xornal **La Voz de Galicia**, un artigo titulado "Sobre a educación para a Paz", publicado o 13 de marzo do 83. Posteriormente, en xaneiro do 84, saíra o primeiro monográfico no suplemento de educación "A Pizarra" do xornal **Faro de Vigo**, feito igualmente por membros de Educadores pola Paz. Monográficos que se repetirían en anos sucesivos. Posteriormente foron confeccionadas unha chea de monografías e unidades didácticas editadas por diversos concellos que especificamos no punto tres. Temos que destacar, dentro das publicacións na prensa, ademais das xa citadas, o suplemento de educación "**Na escola**" do xornal **La Región** a partir de abril do 88. Este suplemento vai a ter na práctica totalidade dos seus números unha atención constante á Educación para a Paz, contando cunha sección fixa da que se encargaba Educa-

dores pola Paz chamada "Edupez".

Máis tarde chegarían os primeiros libros ós que facemos referencia posteriormente.

5 A impartición dos primeiros cursos de formación para o profesorado sobre esta temática. O primeiro curso tivo lugar en Vigo, en setembro do 84 dentro da VI Escola de Verán de Vigo. Logo virían cursos e conferencias por toda a xeografía galega, ademais de distintos puntos do Estado e Portugal.

6 A organización dos Encontros Galegos de Educadores pola Paz. A cita anual dos/as que facemos

conxugar o feito diferencial galego coa promoción dunha cultura de paz en xeral e da educación para a paz en particular. Ademais, o seu carácter horizontal, fan que sexa unha iniciativa pioneira non só en Galicia senón tamén no resto do Estado. Neste ano 93 vimos de celebrar a séptima edición. Dada, como decíamos, a especial relación dos educadores/as portugueses tanto co Encontro como co grupo EDUCADORES POLA PAZ, a edición do próximo ano farase en Portugal (probablemente Lisboa), tal como se acaba de aprobar no VII Encontro celebrado en Allariz (Ourense). (Ver as conclusións do VII Encontro que incluímos neste número).

7 A elaboración do primeiro libro de educación para a paz que se fai en Galicia editado no ano

1986 titulado **Educación para a paz**. Con esta publicación non só avanzamos en divulgar a educación para a paz en Galicia e en galego, senón que supón a integración do movemento galego de educadores pola paz no plano internacional. O libro está estruturado en tres seccións. Unha primeira de achegamento ó pacifismo e a construción dunha cultura de paz; unha segunda que recolle unha aproximación teórica-práctica á educación para a paz e unha terceira de recursos e materiais varios. O libro foi presentado polos seus autores en Vigo, Santiago, Ourense e A Coruña.

8 A elaboración e publicación do primeiro libro en galego sobre unha temática de forte impacto e fondo arraigo na educación para a paz e no noso país como son os denominados xogos cooperativos, titulado **Técnicas e xogos cooperativos para todas as idades**. O libro foi presentado en varias capitales galegas. Está esgotado desde fai varios anos.

9 A edición do primeiro e único boletín informativo de educación para a paz e de paz en xeral que se fai no noso país, o **NOVAPAZ**, que conta nestes momentos cunha tirada de 1200 exemplares. O NOVAPAZ ten o cometido de manter informada e extender a rede galega de educadores/as pola

VII ENCONTRO GALEGO DE EDUCADORAS/ES POLA PAZ



QUERE DICIR QUE A PAZ HAÍ QUE A CONSTRUIR
TIPOLO A TIPOLO...

23-24-25 ABRIL 1993

**INSTALACIONES DA CONGREGACION SALESIANA
ALLARIZ (OURENSE) - GALICIA**

ORGANIZA: EDUCADORAS/ES POLA PAZ - NOVA ESCOLA GALEGA





CONCELLO DE ALLARIZ
COMISIÓN DE CULTURA



EDUCADORES
POLA PAZ

educación para a paz en Galicia, aínda que con presenza doutras comunidades do Estado e moi especialmente, polo seu número e aportación, do veciño Portugal. Os Encontros Galegos de Educación para a Paz, son de carácter anual e rotativo polas catro provincias galegas. Esta rotación constitúe outra manifestación máis do noso empeño en



paz, así como de integrar a ésta co resto do mundo.

10 A participación en campañas de sensibilización e acción social como foron a do "Non a OTAN"; a



campaña de sensibilización cidadán en Radio Popular durante o ano 1986 consistente en emitir oito mensaxes diarios con temática referente a ampla cosmovisión da paz, ou a participación na Plataforma Galega pola Paz en contra da guerra do Golfo; ou son hoxe, por exemplo, as de apoio ós insubmisos galegos (véxase o Informe Pericial feito para o insubmisos Marcos Arranz e publicado no número 16 da **Revista Galega de Educación**), ou a introducción en Galicia da campaña "Aprende a xogar, aprende a vivir" sobre o xogo e os xoguetes.

11 A realización da campaña "10 Anos de Educadores pola Paz, 10 anos de Educación para a Paz en Galicia", que inclúe a divulgación de 3000 trípticos e carteis polos centros educativos de toda Galicia e a realización de diversos actos, celebrados xa en Santiago e Allariz, e que terán o seu remate cunhas xornadas conmemorativas en novembro deste ano en Vigo.

12 E un longo etc. que vai desde conferencias, sesións de xogos cooperativos, participación na organización dos Congresos estatais de educadores pola paz, a dinamización do movemento de educadores pola paz no resto do Estado e no veciño Portugal, a participación como membros fundadores do Seminario de Educación para a Paz da Asociación Pro Derechos Humanos de España con sede en Madrid, a integración no organismo internacional máis recoñecido de investigación e educación para a paz como é o IPRA (Asociación Internacional de Investigación para a Paz), a publicación de innumerables artigos divulgativos na prensa galega, a colaboración con outras entidades, concellos, sindicatos, asociacións de tempo libre, etc. para fomentar a educación para a paz, etc. etc.

PUBLICACIONES

Soslaiano os numerosos artigos na prensa galega, especialmente no Faro de Vigo, La Región e no Atlántico Diario, así como en revistas profesionais de ensino como a Revista Galega de Educación e Cuadernos de Pedagogía, reseñamos únicamente as monografías e libros:

EDUCADORES POLA PAZ (1984): **¿Educar para a paz? Si, gracias.** Col. "Monográficos BIP", Dto. de Educación, Concello de Vigo (esgotado).

EDUCADORES POLA PAZ (1986): **Educar para ama-la paz.** Vía Láctea/Nova Escola Galega, A Coruña. (1400 pts.).

EDUCADORES POLA PAZ (1986): **1986 Ano Internacional da paz. Guión didáctico.** Dto. de Educación Concello da Coruña. Tamén editado, con distinto formato, polo Concello de As Pontes (esgotados).

EDUCADORES POLA PAZ (1988): **Cinco anos do día Escolar pola Paz.** Educadores pola Paz / NEG, Vigo (esgotado).

JARES, X.R. (1988): **Educar para a paz.** Col. papeis

de educación nº9, Dto. de Educación Concello de Santiago. (esgotado). (Editado en castelán polo Concello de Xixón).

JARES, X.R. (1989): **Técnicas e xogos cooperativos para tódalas idades.** Vía Láctea/Nova Escola Galega, A Coruña. (esgotado).

CID, X.M. (Cd.) (1992): **Garabullión e a escola elástica.** Concello de Ourense/Nova Escola Galega, Ourense. (Pedidos ó Aptdo. 586. Santiago).

IGLESIAS, C. (1992): **Léxico ecopacifista.** Seminario Permanente de Educación para a Paz - SGEI/CXTG.

En castelán:

JARES, X.R. (1991): **Educación para la paz. Su teoría y su práctica.** Popular, Madrid.

JARES, X.R. (1992): **El placer de jugar juntos. Nuevas técnicas y juegos cooperativos.** CCS, Madrid.

JARES, X.R. (1992): **Temas transversales. Educación para la paz.** MEC, Madrid.

CONCLUSIONS DO VII ENCONTRO GALEGO DE EDUCADORAS/ES POLA PAZ

Na incomparable vila de Allariz, Ourense, durante os días 23, 24 e 25 de abril, tivo lugar o **VII Encontro galego de Educadoras/es pola Paz**, organizado como en anos anteriores polo grupo **Educadoras/es pola Paz de Nova Escola Galega**.

A este Encontro asistiron unha media de 150 persoas, sendo de destacar a presenza do grupo portugués que vai en aumento de ano en ano, así como a de outras comunidades como Asturias e Madrid, que ademáis expuxeron as súas experiencias. Non podemos esquecernos da boa acollida das xentes da vila e moi especialmente da colaboración do seu Concello, que ademáis dunha aportación económica brindaron o seu total apoio. Uns e outros fixeron máis levadeira a climatoloxía que padecemos eses días.

As sesións de traballo nas que se estruturou o



Encontro foron as dinámicas de grupo simultáneas; a presentación de experiencias e materiais; o debate; os xogos cooperativos e, nesta ocasión, unha mesa redonda sobre os dez anos de Educadores/as pola paz. Este ano ademáis poidemos ver dúas exposicións moi interesantes, unha de materiais escolares relacionados coa educación para a paz e a exposición sobre a Amazonia que levou o Colectivo de Educación Medioambiental (CEM) da Coruña.

Dentro das dinámicas de grupo desenroláronse as seguintes: "Un proxecto de desenvolvemento nun país empobrecido", dirixida polo grupo Intermón da Coruña; "O xogo da guerra", sobre o conflito bélico da ex-Iugoslavia, dirixido polo Colectivo de Educación Medioambiental (CEM) da Coruña; a "Dinámica dos cubos", a cargo de dúas compañeiras do grupo organizador. En todas elas houbo unha participación activa no seu desenvolvemento.

O debate deste ano, feito como en edicións anteriores o sábado pola mañá, estivo adicado o tema "A Europa que queremos as/os educadoras/es pola paz". Para elo, Xosé M. Cid da sección de Educadores pola Paz de Ourense,

fixo un resumo da ponencia que enviou o noso amigo Carlos Taibo, para a continuación dividírnos en grupos para facermos a discusión. Logo, de novo en gran grupo, fixemos unha posta en común das conclusións dos diferentes grupos. Algunhas das cousas que se dixeron foron:

✓ En xeral houbo un tono de crítica co proceso de Maastrich, tanto polas dúbidas económicas, a construción da Europa das dúas velocidades como polo propio proceso de construción do Tratado que aumentou o déficit democrático (só tres Estados someterono a referendun).

✓ O proceso de construción europea non pode limitarse exclusivamente ou principalmente a vertente económica, senón que son necesarias múltiples unións.

✓ Tampouco se viu unha resposta activa da esquerda a este debate. Escaso énfase no referendun.

✓ Maastrich esquece as necesidades das nacións; a traxectoria medioambiental e quédase estreito na satisfacción das necesidades elementais dos cidadáns.

✓ Constatouse de xeito crítico a terceirización dos países do leste, ademáis dun maior esquecemento do chamado Terceiro Mundo "clásico".

✓ A cooperación o desenvolvemento queda conxelada, dotacións escasas e en forma de tutela. Tamén se observa un agravamento das políticas duras contra os refuxiados e inmigrantes.

✓ Respecto da seguridade e do tratamento dos conflitos na política internacional hai un reforzamento da UEO dentro da OTAN, e unha supeditación ás respostas militares dos EE.UU.

✓ A seguridade medioambiental queda de forma residual.

As experiencias presentadas foron variadas, enriquecedoras e altamente valoradas polos asistentes. Tamén evitouse a repetición que se criticaba no ano anterior. As experiencias presentadas foron: "Educación intercultural", a cargo do grupo da Cruz Vermella Xuventude da Coruña; "A exposición sobre a Amazonia", polo CEM da Coruña; "Latinoamérica e a droga", por Teresa Hernández de Madrid; "As bicicletas en Latinoamérica" por Bicis pola paz de Chantada (Lugo); "O Día Escolar pola paz no C.P. de Ribadavia (Ourense), a cargo de dúas profesoras do citado colexio; "A reforma educativa e a educación para a Paz", por A. Fernández Soengas; "Unidade didáctica: Pobreza e marxinação en Europa", por Marta Batanero de Oviedo; "Unidade didáctica sobre marxinação", por Calo Iglesias; "Os dereitos humanos a través da arte", por dúas profesoras da escola-Taller de Allariz.

Na mesa redonda abordouse o tema "10 anos de Educadores pola Paz, dez anos de educación para a paz en Galicia", na que interviron Calo Iglesias; Xosé M. Cid; Antonio Blanco, concellal de cultura do concello de Allariz;

Xesús R. Jares; Helena Boasnovas do Porto e M^a Virginia Rodrigues de Lisboa. Os participantes foron dando unha completa e documentada visión do traballo desenvolvido neste periodo; as carencias e necesidades; as especiais relacións entre Galicia e Portugal tamén neste tema; etc., concluíndo que, aínda que é moito o traballo desenvolvido, comprende aumentar a difusión entre o conxunto da sociedade e máis particularmente entre todos aqueles e aquelas que teñen responsabilidades educativas, ademais de proseguir coa crítica cara as institucións que incumpren, neste momento, as súas obrigas legais. A mesa redonda adquiriu momentos de especial intensidade emotiva polas implicacións



afectivas dalgúns dos seus participantes. Pero non sería o único acto para lembrar e festexar estes dez anos, xa que na cea previa á Festa pola Paz do sábado á noite os organizadores ourensáns tiñanos preparada unha grata sorpresa: unha monumental tarta de cinco pisos co lema dos dez anos. Despois do cachondeo xeneralizado con Suso Jares a quen se lle obrigou a cortar a tarta no seu máis puro rito tradicional, mentres cantábamos aquilo de "cumpreanos feliz", dimos boa conta dela. E logo a Festa pola paz ata as catro da mañá: cancións e xogos cooperativos, e este ano unha feliz novidade que xa quedou incorporada para futuras edicións: as danzas do mundo.

Os grupos presentes nesta séptima edición e que fixeron uso da palabra para explicar os seus cometidos e saudar ós presentes foron: Colectivo de Educación Medioambiental da Coruña (CEM); Cruz Vermella Xuventude, de Coruña, Lugo e Ourense; Intermón, da Coruña; Bicis pola paz de Chantada (Lugo); Seminario permanente de educación para a Paz do SGEI-CXTG; o Movemento de Obxección de Conciencia (MOC) de Vigo; o Movemento de Educadores pola paz de Lisboa; o Núcleo de educadores pola Paz da Amadora e Porto; a ONG Oikos de Lisboa; Estudantes Solidarios de Santiago e a Coordinadora Galega de ONGs.

Entre as valoracións e conclusións do último acto do Encontro o domingo pola mañá, reseñamos as seguintes:

✓ Erradicar o termo "Terceiro mundo", o mesmo que os de "subdesenvolvemento" e "desenvolvemento", polos de poder, riqueza, países empobrecidos, etc. (Marta Batanero).

✓ O máis importante a boa comunicación conquerida (Erundina).

✓ En comparación cos anos anteriores, terceira vez que ven, Mila da Amadora comenta que está menos cansa, as experiencias foron máis cualificadas e tamén no seu número (o ano pasado houbo demasiadas). A festa tamén foi mellor este ano.

✓ Jesús de Intermón, comenta que é a primeira vez e que o que máis lle sorprendeu foi o ambiente que se consegue: "vívese a paz". Este énfase no clima, foi exposto por moitas intervencións máis como as de Sara; Emilia; Eva; Xosé M^a; Raquel; Fran; etc.

✓ Tose de Portugal, comenta como crítica o excesivo número de experiencias e o problema da lingua. Valora moi positivamente o Encontro e a necesidade de aplicar todo o que se aprendeu.

✓ Manolo, galego residente en Oviedo, fai unha valo-

ración moi positiva de todo o que fixemos e espera que sepamos transmitirlo ós alumnos. Destaca e sorprendelle positivamente o irmanamento que se vive entre Galicia e Portugal.

✓ Diego é a terceira vez que ven e nesta ocasión, como aspectos críticos, viu o tempo e moi especialmente o espacio para reunir ós asistentes.

✓ José M^a destaca sobre todo a dimensión práctica do Encontro.

✓ Potota, da Escola taller de Allariz, di que a experiencia foi moi positiva pero fainos unha crítica furibunda por non deixarmos tempo para facer unha visita á que según ela é a vila máis bonita do mundo. Diego respostou, pensamos que por todos, que Encontros só hai un o ano e que a Allariz polo pouco que vimos voltaríamos en calquer momento.

✓ Jesús de Intermón voltou a intervir para preguntar e comentar que lle parecía que había pouco implantación de mestres. Se isto é certo é un elemento de preocupación.

✓ Niti é a primeira vez que viña e fai unha valoración moi positiva. Abriu un novo horizonte de traballo e destaca a importancia de educar non só ós alumnos/as senón tamén ós propios compañeiros/as de traballo.

✓ Fran do CEM resalta o problema do tempo e propón para mitigalo que as persoas que presentan experiencias entreguen un resumo por escrito á organización para que despois as persoas interesadas nalgunha delas poida miralas con máis calma. Aproveita a ocasión para facer unha crítica colectiva por non respetar os horarios.

✓ Marta de Intermón considera que se debe relativizar a euforia que alí se vive. Destaca a importancia deste tipo de eventos e propón unha maior esixencia coa nosa formación nestes temas.

✓ Raquel considera que o éxito destes Encontros é pola actitude dos asistentes e non só dos organizadores. Comenta o problema dos pais cara este tipo de experiencias.

✓ M^a Virginia respondelle comentando a súa experiencia en Portugal.

✓ Suso Jares tamén se referiu a súa cando estaba de Profesor de EXB nun colexio público en Vigo.

✓ Xosé M. Cid, tamén falou da súa experiencia pero como pai nun colexio público en Ourense. Refírese ás inercias do franquismo e ó malestar docente e sinala a importancia de traballar non só cos pais senón tamén no movemento veciñal.

✓ Suso Jares intervén de novo para facer as seguintes propostas: a) rexeitar a situación bélica na ex-lugoslavia; b) reclamar das nosas autoridades o cumprimento do envío do

0,7% do PIB ós "países empobrecidos"; c) criticar á Xunta de Galicia pola súa indiferencia manifesta cara a desenvolver programas de educación para a paz; reclamar de cada persoa individualmente, de cada centro de ensino e como petición ós Concellos e outras institucións a creación dun "presuposto para a paz", que se pode comezar a concretar facendose socio dalgunha das organizacións humanitarias de axuda ó desenvolvemento; de loita polos dereitos humanos ou ecoloxista; etc. Todas as propostas foron aprobadas.

✓ Olga Arranz intervén para facer unha petición "ós que teñen nómina" para facer obxección fiscal como unha forma de acción directa contra dos presupostos para gastos militares e o seu destino alternativo para necesidades sociais.

✓ Fran do CEM expón, a raíz da intervención de Olga, que gracias a campaña do ano pasado de obxección fiscal porase en marcha neste curso un proxecto de integración socioeducativa de xitanos en Coruña.

✓ X.M. Cid intervén de novo para pedir que, de cara o próximo Encontro, se envíen as experiencias e comunicacións por anticipado para poder fotocopialas e metelas nas carpetas dos asistentes.

✓ Pedro Cuadrado do grupo de Educadores pola paz de Vigo, comparte os aspectos positivos xa sinalados e revela a súa preocupación ó ir cara Allariz por se a cousa decaía. Confesa que está moi contento porque as súas dúbidas disipáronse, non só a cousa non decaiu senón que

aprendeu cousas novas. Destaca tamén a incorporación de danzas do mundo e propón que quede na Festa pola paz como actividade fixa ó igual que os xogos cooperativos.

✓ Suso Jares pasa a informar da xuntanza tida entre o grupo que coordena e os compañeiros/as de Portugal. Na mesma decidiuse que a partir de agora manterase a numeración dos encontros galegos e inciarase simultaneamente o que serán os encontros galego-portugueses. Farase para elo un protocolo de colaboración entre Educadores pola paz de Nova Escola Galega e o Movemento portugués de Educadores pola paz e a ONG Oikos de Lisboa. De tal forma que o **VIII ENCONTRO GALEGO E I GALEGO-PORTUGUES DE EDUCADORES POLA PAZ** terá lugar os días 8, 9 e 10 de abril en Portugal (probablemente en Lisboa).

Nós xa comezamos a preparar este Encontro que ten o aliciente de ser o primeiro desta nova fase organizativa galego-portuguesa. Non cabe dúbida que nos vai esixir maiores esforzos persoais e económicos, pero é unha forma, tamén directa, de rachar coas fronteiras e levar a práctica o noso irmanamento galego-portugués. Animámosvos a irdes traballando para que o vindeiro ano, en Portugal, vós mesmos sexades portadores de experiencias e traballos, a que colaboredes con nós para que o VIII Encontro galego e o I Galego-Portugués sexa, en cantidade e calidade, aínda mellor. Unha aberta e un bico de paz para todos e todas vós.



NOVAPAZ BOLETIN DE SUSCRIPCION

(Só para as / os non asociadas / os de NEG)

NOME E APELIDOS: _____

DOMICILIO: _____

LOCALIDADE: _____ TFNO.: _____

CENTRO DE TRABALLO: _____ LOCALIDADE: _____

Forma de pago 500 Ptas. catro números (e algún extraordinario):

- Talón

- Transferencia a conta núm. 04-194.535 da Caixa de Aforros Municipal de Vigo. Oficina Principal Vigo.

Enviar ficha máis resguardo a: **EDUCADORAS/ES POLA PAZ**
Apdo. 577. VIGO (Pontevedra)



EDUCADORAS/ES POLA PAZ
Apartado 577
VIGO
(Pontevedra)

Dep. Legal: Vg. -457 -90

Imprime: FEITO, S.L. - Hernán Cortés, 13 - 15 Int. - VIGO

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

